


APICULTURA • COMUNÍCATE COAS MANS: LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA • **COÑECE O XAPÓN: CULTURA, TRADICIÓN, ESCRITURA, ANIME, GASTRONOMÍA, OPORTUNIDADES DE TRABALLO E MOITO MÁIS** • ENXERTOS DE ÁRBORES FROITEIRAS, ORNAMENTAIS E HORTALIZAS • **INICIACIÓN AO MUNDO MAKER** • POÉTICA DO ROCK • **XERAR OPORTUNIDADES DE OCIO INCLUSIVO: APROXIMACIÓN Á DIVERSIDADE FUNCIONAL** • COSMÉTICA NATURAL APROVEITANDO A CONTORNA • **OBRADOIRO PRÁCTICO DE HORTA ECOLÓXICA** • POSTA EN ESCENA DUNHA OBRA TEATRAL • **AULA DE MÚSICA TRADICIONAL (CANTO, PERCUSIÓN, GAITA E BAILE TRADICIONAL GALEGO)** • **OBRADOIRO BÁSICO DE UKELELE**



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

MATRÍCULA ONLINE: uvigo.gal/campus/cultura/obradoiros-outros-cursos - campusactivo.uvigo.gal



2º CUADRIMESTRE 2019/2020

Prazo de matrícula:
 do 30 de xaneiro ao 12 de febreiro.
 1 ECTS*
 Prezos: 26 € / 40 €

* Agás 2019/801 e 2019/804 (20 horas de recoñecemento)

Universidade de Vigo


Extensión Universitaria

Máis información

CAMPUS DE VIGO
 Extensión Universitaria
 Edificio Miralles
 Lagoas-Marcosende
 986 813 626

CAMPUS DE PONTEVEDRA
 Área de Servizos á Comunidade
 EE Forestal
 A Xunqueira
 986 801 949

CAMPUS OURENSE
 Área de Servizos á Comunidade
 Edificio Administrativo
 As Lagoas
 988 387 102



2019/801

APICULTURA

José Garrido.

Cando remates este obradoiro serás quen de poder atender debidamente unha colmea, dende o seu coitado ata a obtención de todos os produtos, como mel, polen, cera, xalea real, propóleos, etc. Entre os contidos aprenderás distintas técnicas de cría das raíñas, as enfermidades das abellas e como tratalas así como sistemas de multiplicación de colmeas.

Lugar: Sala de Seminarios da Torre Cacti Edificio Cacti/Cinbio.
Límite de prazas: 20
Duración: 20 horas
Data de inicio: 4 de abril
Horario: sábados, 4, 18 e 25 de abril e 9 de maio, de 9.00 a 14.00 h.

2019/802

COMUNICÁTE COAS MANS: LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA

Ana Mª Fernández, David Fernández, Manuel L. Lema.

Aprenderás a expresarte e comprender en Lingua de Signos Española (LSE) mensaxes sinxelos da vida cotiá das persoas. O coñecemento básico da comunicación visual permitirache comunicarte en temas coñecidos e frecuentes (educación e traballo, lecer e viaxes, compras, saúde, organización política e social ou universo e xeografía física) ademais de ter coñecemento sobre aspectos como as normas sociais e culturais da comunidade xorda.

Lugar: Fac. Filoloxía e Tradución. Aula A-12
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 18 de febreiro
Horario: Martes e xoves de 16.00 a 18.00 h.

2019/803

COÑECE O XAPÓN: CULTURA, TRADICIÓN, ESCRITURA, ANIME, GASTRONOMÍA, OPORTUNIDADES DE TRABALLO E MOITO MÁIS

Marcos Loureiro e Eliezer Rajoy.

Neste obradoiro poderaste mergullar nos piares fundamentais da cultura xaponesa. A súa lingua, a través de silabarios e as súas formas de escritura (hiragana, katakana, kanji), a súa linguaxe audiovisual como referentes en anime, manga e videoxogos; os realizadores máis destacados do seu cine; as claves do éxito internacional da cociña deste país (takoyaki); así como as oportunidades de traballo neste destino.

Lugar: Escola de Enxeñaría de Telecomunicación Aula T.110.
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 2 de marzo
Horario: 2, 9, 16, 23, 30 de marzo, de 16.00 a 20.00 h., e 13 e 20 de abril, de 16.00 a 19.00 h.

2019/804

ENXERTOS DE ÁRBORES FROITEIRAS, ORNAMENTAIS E HORTALIZAS

José Garrido.

Aprenderás a enxertar calquera variedade utilizando as ferramentas máis axeitadas, así como calquera tipo de acodo aéreo e terrestre, e fabricar insecticidas ecolóxicos. Tamén se explicará a influencia das fases da lúa, tanto para enxertar como para recoller pugas, as normas básicas de prevención para subir ás árbores e saberás que atadura debes poñer segundo a variedade de carabuña ou de pepita.

Lugar: Sala de Seminarios da Torre Cacti. Edificio Cacti / Cinbio
Límite de prazas: 15
Duración: 20 horas
Data de inicio: 22 de febreiro
Horario: sábados, 22 e 29 de febreiro, 7 e 14 de marzo, de 9.00 a 14.00 h.

2019/805

INICIACIÓN AO MUNDO MAKER

Fernando Flores, Alberto Abia e Mateo González.

Neste obradoiro aprenderás de forma práctica as nocións máis fundamentais de calquera “maker”. Se non tes experiencia ou é básica en fabricación aditiva ou / e programación de microcontroladores, aprenderás destas tecnoloxías, mediante un enfoque a proxectos, e rematarás o curso coas ferramentas básicas dun “maker”

para poder realizar os teus propios proxectos.

Lugar: Escola de Enxeñaría Industrial (sede Campus). Seminario M.F.
Límite de prazas: 10
Duración: 30 horas (20 presen. e 10 dedic)
Data de inicio: 20 de febreiro.
Horario: 20, 21, 27, 28/II e 5/III de 16.00 a 20.00 h.

2019/806

POÉTICA DO ROCK

Susana Rodríguez e Bosco Gil de Gárate.

Centrarase en dar a coñecer e analizar as principais figuras da música folk, rock e pop dos séculos XX e XXI con produción poética co fin de diluír a fronteira entre os dous xéneros. Ofrecer unha visión histórica da evolución das temáticas nas letras de cancións e promover no alumnado a lectura de poetas alleos ao circuíto literario, pero recoñecidos/as no ámbito da música. Así mesmo, tamén se incluírán actividades de escrita lírica creativa.

Lugar: Café La Casa de Arriba (Martín Códax, 23)
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas (21 presen. e 9 dedic)
Data de inicio: 23 de abril
Horario: 23 e 30 de abril; 7, 14, 21 e 28 de maio; 4 de xuño de 17.30 a 20.30 h.

2019/807

XERAR OPORTUNIDADES DE OCIO INCLUSIVO: APROXIMACIÓN A DIVERSIDADE FUNCIONAL

Hugo Fernández, Sonia Rivas e Lorena Francisco.

Este obradoiro pretende fomentar os valores e a importancia de xerar conciencia social e reducir a desigualdade de oportunidades. Partirá do concepto da discapacidade e diversidade funcional para xerar unha verdadeira sensibilización con estas persoas a través de proxectos de ocio inclusivo e prácticas deportivas con discapacidade visuais, auditivas ou motoras.

Lugar: Aula do edificio de Deportes
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas (20 presen. e 10 dedic)
Data de inicio: 13 de marzo
Horario: 13, 20, 27 e 30 de marzo de 16.00 a 21.00 h.

2019/808

COSMÉTICA NATURAL APROVEITANDO A CONTORNA

Patricia Puga.

Este obradoiro é eminentemente práctico xa que haberá saídas ao campo para apaniar plantas e logo procederase á elaboración de macerados ou oleatos así como tinturas medicinais e xabón cosmético. Tamén aprenderás a elaborar ungüentos para dores musculares ou picaduras, pastas de dentes, cremas hidratantes, barras de labios ou tónicos limpadores.

Lugar: Edif. Miralles. Sala II
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 19 de febreiro
Horario: mércores de 16.00 a 19.00 h.

2019/809

OBRAIDOIRO PRÁCTICO DE HORTA ECOLÓXICA

Jacobo Ojea.

O alumnado acadará unha visión xeral na agricultura ecolóxica e ferramentas para iniciarse no seu cultivo. Afondarase na planificación e deseño da horta, a agricultura rexenerativa, abonos tipo bokashi, creación de espazos para fauna auxiliar (bichohotels, comedeiros e pousadeiros para aves), creación de bandas e macizos florais, froiteiras arbustivas (moras, grosellas, arándanos, framboesas), así como a posta en funcionamento dun espazo para pequenos froiteiras.

Lugar: Horto universitario (detrás do Cinbio)
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 2 de marzo
Horario: luns, de 17.00 a 20.00 h. 2, 9, 23/III, 20/IV, 4,18/V, 1, 15, 29/VI e 13/VII.

2019/810

AULA DE TEATRO: POSTA EN ESCENA DUNHA OBRA TEATRAL

Casilda Alfaro e Sonia Rúa (Teatro de Ningures).

Neste obradoiro e despois de aprender no anterior cuadrimestre (Iniciación ao teatro) todo o traballo de corpo e vocal necesario, o alumnado traballará na posta en escena dunha obra de teatro que se estreará na Mostra

Internacional de Teatro Universitario (Miteu) que organiza cada ano a Universidade de Vigo.

Lugar: Edif. de Deportes. Sala de ioga
Límite de prazas: *
Duración: 60 horas
Data de inicio: 17 de febreiro
Horario: luns e mércores de 16.30 a 19.30 h.

2019/811

AULA DE MÚSICA TRADICIONAL: CANTO, PERCUSIÓN GAITA E BAILE TRADICIONAL GALEGO **

Álvaro Rodríguez (Son das lagoas).

Este obradoiro desenvólvese durante todo o curso. Os asistentes formaranse nos instrumentos, cantos e danzas da man do grupo Son das lagoas. Traballaranse con cancións en cada un dos ritmos básicos de cada instrumento e, no baile, aprenderanse os pasos segundo cada provincia galega.

Lugar: Teatro de Cidade Universitaria
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 17 de febreiro
Horario: luns de 15.00 a 18.00 h. ***

2019/812

OBRAIDOIRO BÁSICO DE UKELELE ****

Francisco Almodóvar.

Nesta obradoiro poderás aprender a afinar un ukelele, tocar acordes abertos e cejilla (maiores, menores, diminuídos e sétimas), ademais de técnicas de acompañamento con este instrumento de corda como rasgueos e arpexios. Tamén poderás pór en práctica o acompañamento de cancións en diferentes estilos, harmonía e composición.

Lugar: Camerinos de teatro
Límite de prazas: 10
Duración: 30 horas
Data de inicio: 21 de febreiro
Horario: venres de 10.00 a 13.00 h.

* Só para os matriculados no 1º cuadrimestre.

** As persoas matriculadas no 1º cuadrimestre que precisen diploma deberán pasar pola sección de Extensión Universitaria (Edif Miralles)

*** Só deberán pagar as persoas que se inscriban por primeira vez.

**** Imprescindible levar ukelele.

MATRÍCULA ONLINE

uvigo.gal/campus/cultura/obradoiros-outros-cursos
campusactivo.uvigo.gal

Matrícula aberta:

do 30 de xaneiro ao 12 de febreiro

Taxas:

- 26 euros para persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- 40 euros para o público en xeral.

Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obligatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.